


# A WA DE VILALBA

A AELG organiza unha polafía en Neda

Redacción



O sábado día 21 de novembro, ás 19,00 horas, vaise celebrar unha Polafía nas Casas das Palmeiras de Neda, organizada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, co patrocinio da Consellería de Cultura e Turismo e a colaboración do Concello e a Casa da Cultura de Neda. Baixo o epígrafe Historias arredor do lume, a Polafía de Neda contará coa participación das veciñas e veciños de Neda, que contarán... cantarán... e conversarán... O poeta Isidro Novo levará a cabo unha lectura de rimas populares, e Antonio Reigosa falará das lendas do lugar. Na actividade, de entrada libre, actuará o grupo musical "Zoar do vento".

As polafías son un proxecto da Asociación de Escritores en Lingua Galega, coordinado polo Vogal de Literatura de Tradición Oral, Antonio Reigosa, que conta coa colaboración de diversas asociacións e institucións.

A palabra polafía é un neoloxismo referido ás reunións ou veladas de carácter festivo con contidos literarios e musicais, e ten como obxectivo primordial o rescatar do esquecemento e poñer en valor o valioso patrimonio oral, literario e musical, galego.

O termo polafía quere reunir no seu significado o mellor dos diferentes matices e acepcións de vellas palabras (polavilas, fías, fiadas, fiandóns, seráns...) con semellantes contidos. A principal diferenza, en canto ao desenvolvemento, daquelas xuntanzas de antigo co desta nova proposta é que agora podemos, e debemos, axudarnos das novas tecnoloxías, desde os aparellos de gravación, que favorecen o arquivo e estudo do recompilado, ata o uso de novas tecnoloxías, caso de internet, que poden contribuír a unha ampla difusión deste patrimonio.

O formato das polafías require a presenza dun mantedor, divulgador ou especialista que introducirá e comentará as principais características das pezas e xéneros literarios amosados, dun recitador de poesía anónima ou de autor de feitío popular; e dun músico, que interpretará romances, coplas ou cantares de raiceiras tradicionais. Sen embargo, o elemento humano transcendental e imprescindible no desenvolvemento de cada polafía constituíranos os homes e mulleres, narradores, cantadores, romanceadores... etc, veciñas e veciños de cada lugar onde se desenvolva a polafía, neste caso en Neda, pois eles son os auténticos protagonistas, os que xenerosamente transmiten o seu saber.

O que suceda nas polafías será gravado e logo difundido a través da web da AELG, na súa Sección de Literatura Oral. As polafías teñen unha duración aproximada de arredor de 90 minutos.

[Imprime esta entrada](#)

Assinar: [Postar comentários \(Atom\)](#)